Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Fonte do Eume

A fonte onde nace o río Eume, na aba da Serra do Xistral, está na parroquia de Montouto, concello de Abadín (Lugo).

»Outra vez iban co gado e tamén estaban aló na Veiga do Real, onde houbera o pueblo, aló na beira deste río que baixa, o río este nace arriba da Veiga do Real, chámanlle o Xistral, chámanlle a Fonte do Xistral onde nace ese río, o río Eume.

E tamén, xa ora, que estaban as señoras peinándose, encantos lles chamaban, na beira daquel río, que estaban alí señoras peinándose, chamábanlles encantos; salirían daquel pueblo ou que sei eu.

Alí abaixo, peinándose e..., peinándose na beira do río e diz que tiñan un cadelo, un cerruliño e diz que lles pillaba as ovellas e mandábaas a un pozo que había alí de auga no Real, chamábanlle o Real.

¿Un cadelo que tiñan os encantos?

Si, un cerrulo, moi guapo. Dicíano os que iban co gado, os vellos, vamos, os vellos».

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Transcrición da versión oral de CARMEN PALLARES (73 anos), Cabanapallaza, Salgueiro, Montouto. 24 de xaneiro de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004

COMENTARIOS ENVIADOS

A lenda é fermosa, pero débese advertir de feitos delas que falten á verdade, para evitar que a xente tire delas coñecementos errados. Este é un caso. Non me crean, infórmense. O río Eume non nace en Montouto. Nace na parroquia de A Balsa, concello de Muras (Lugo). E despois trascorre pola veciña parroquia de Montouto, antes de voltar á Balsa e seguir ó seu camiño por Muras e As Pontes cara a Pontedeume.

Enviado por María R. Trastoy o 25/09/2007 ás 11:00:34